

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FRANCÉS



I.E.S AGRA DE LEBORÍS. A LARACHA
CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
3. OBXECTIVOS	9
4. FRANCÉS 2ª LINGUA	12
1º ESO	13
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS	
TEMPORALIZACIÓN	
2º ESO	89
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS	
TEMPORALIZACIÓN	
3º ESO	169
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS	
TEMPORALIZACIÓN	
4º ESO	249
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS	
TEMPORALIZACIÓN	
1º BACHARELATO	327
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
PARA
SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS
TEMPORALIZACIÓN**

2ºBACHARELATO	467
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS TEMPORALIZACIÓN	
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	597
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	598
8. AVALIACIÓN INICIAL	599
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	599
10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	601
11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	604
12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	615
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	616
14. PROXECTO LECTOR	617
15. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.	619
16. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DA MATERIA	619
17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	619

INTRODUCCIÓN

(Esta programación didáctica segue o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

Neste proxecto didáctico non pretendemos presentar unhas pautas metodolóxicas ríxidas e inalterables pois pensamos que a axuda pedagóxica que se lle presta ao alumnado no proceso da aprendizaxe do francés debe responder ás súas necesidades comunicativas tanto como ó cumprimento dos obxectivos propostos para cada nivel e deberá adaptarse ao nivel real de cada grupo. Sempre acorde coas directrices marcadas pola Consellería de Educación para o ensino da lingua estranxeira como primeira e segunda lingua, axudará ós membros do Departamento a seguir unha liña común aínda que respectando uns límites flexibles determinados pola personalidade do profesor e polas características do grupo/clase.

Pensamos que a metodoloxía que mellor se adecúa ao ensino dunha lingua moderna é a metodoloxía comunicativa pois do que se trata é de facer da lingua algo vivido e axeitado ás distintas situacións de comunicación. O/a alumno/a non só debe acadar unha competencia gramatical senón que ten que saber empregar as estruturas máis axeitadas ós diferentes contextos en que a comunicación ten lugar.

Subliñaremos ademais outro aspecto: a lingua oral non se tomará como obxectivo secundario respecto da escrita. Ambos planos complementáanse perfectamente e xa no primeiro contacto coa lingua estranxeira, o alumno que se inicia no seu estudo precisa de comunicarse tanto na fala como na escrita cos demais.

Pensamos que a lectura facilita a capacidade de comprensión e de expresión dos alumnos e aumentará tamén o seu interese por coñecer escritores franceses, por iso elixiremos libros de lectura obrigatoria nos niveis de francés como primeira e segunda lingua, libros axeitados ao nivel de cada curso e empregaremos como texto de apoio.

Procuraremos que os libros de texto, os de lectura complementaria, o material audiovisual, revistas, internet e outro material didáctico do que dispoñemos sexa atractivo e motive o máis posible ao alumnado. Neste sentido dicir que moitas veces non contamos con todos os medios técnicos -laboratorio de idiomas, documentos sonoros, dotación na biblioteca, etc.. que serían de desexar para levar adiante o noso labor docente.

Considerarase prioritario o traballo deste departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro coa fin de manter unha coherencia didáctica e pedagóxica co resto dos departamentos (temporalización de contidos, nomenclatura, prioridades pedagóxicas...). Tamén será importante a coordinación con outros departamentos, especialmente o de Orientación, coa fin de atender o mellor posible ao alumnado con NEE e tamén de cara a servir de "ponte" para aqueles alumnos e alumnas que poidan vir de zonas francófonas e que atopen especial

dificultade na súa integración na realidade galega.

CONTEXTUALIZACIÓN:

O I.E.S. Agra de Leborís empezou a funcionar no curso 1996-97. No ano 1999-2000 completou a súa oferta

educativa coa implantación de 2º de Bacharelato. Hoxe en día impártense a E.S.O. e os Bacharelatos de Ciencias

da Saúde e Tecnolóxico e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

O centro está situado no concello de A Laracha, na comarca de Bergantiños. O alumnado provén, principalmente, do

propio concello e das parroquias que o conforman.

Na actualidade, a situación económica da zona está marcando de xeito negativo a un número considerable de

familias, pois existe unha cantidade importante de traballadores en paro, o que repercute nos seus fillos

(alumnos/as do centro).

En canto as características culturais, o centro é aconfesional e respectuoso con todas as crenzas.

Ten un baixo

número de alumnado que provén doutros países (Marrocos, América Latina, China...) e 2 alumnas de etnia xitana.

A lingua de uso vehicular nas relacións do centro é o galego, sen menosprezar as demais linguas e culturas oficiais

ou estranxeiras.

Neste centro, pluralista, deféndese a coeducación dos/as alumnos/as e a atención á diversidade.

Número de grupos no centro

1º E.S.O. : 5

2º E.S.O. : 5

3º E.S.O. : 4

4º E.S.O. : 4

1º Bacharelato: 2

2º Bacharelato: 2

Número de grupos da nosa materia

1º E.S.O. : 5

2º E.S.O. : 5

3º E.S.O. : 4

4º E.S.O. : 2

1º Bacharelato: 1

2º Bacharelato: 2

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO:

- **Fabián Otero Rabuñal**, profesor numerario, con destino definitivo no noso centro e xefe de departamento, que dará clase a 1 grupo de 1º ESO 2ª LE, 2 grupos de 2º ESO 2ª LE, 2 grupos de 4º ESO 2ª LE e 1 grupo de 2º Bacharelato 2ª LE.

- **Ana Mª Rodríguez Ríos**, profesora numeraria, con destino definitivo no noso centro, que dará clase a 2 grupos de 1º ESO 2ª LE, 1 grupo de 2º ESO 2ª LE, 3 grupos de 3º ESO 2ª LE, 1 grupo de 1º Bacharelato 2ª LE e 1 grupo de 2º Bacharelato 2ª LE. Ademais é a cordinadora do Proxecto Lector e titora de ESO.

-**Daniel García Aguión**, profesor substituto con afíns (Inglés e Educación Física), que dará clase a 2 grupos de 1º ESO 2ª LE, a 2 grupos de 2º ESO 2ª LE e a 1 grupo de 3º ESO 2ª LE. Ademais é titor de 2º ESO A.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da

ciudadanía como condición indispensábel para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal,

social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento

económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a

innovación, e describíense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá a vinculación entre a formación e o desenvolvemento

profesional e ademáis facilita a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de

representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de

organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso

das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e

desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de

información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a

consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos

cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a

ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).

- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada

produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións

comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións

relacionadas cos xéneros discursivos).

- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión

intercultural.

- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto

comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a

conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos

electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter

cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos

fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

- O compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os

trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir,

interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as

representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que subministran un

achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a

protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao

desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns/ás responsábeis e respectuosos/as que

desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados

e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, suscitar e resolver situacións da vida cotiá, igual que

se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

3.- Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para

transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa

transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para

informarse, aprender e se comunicar.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a

información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e

reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de

conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar

aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un

sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de

cooperar e autoavaliarse.

5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade,

interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar

decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas

no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta

competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dun xeito

construtivo en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista

diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos.

Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os

coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo

previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así

á cultura do emprendemento.

7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e

respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce

persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas

capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de

comunicación e expresión persoal. Implica asemade manifestar interese pola participación na vida cultural e por

contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

OBXECTIVOS

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos do Bacharelato

OBXECTIVOS

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a

COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

<p>violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>Aprender a aprender.</p>
<p>d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Comunicación lingüística.</p>
<p>e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.</p>
<p>f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.</p>
<p>g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.</p>	<p>Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.</p>
<p>h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Conciencia e expresións culturais.</p>
<p>i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.</p>
<p>l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.</p>
<p>m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.</p>
<p>n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>	<p>Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.</p>

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

A materia de **Segunda Lingua Estranxeira** está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO :

OBXECTIVOS PARA O CURSO EN 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

O ensino da segunda lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes

capacidades:

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que

conteñan información básica sobre o contorno próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de

reproducción e de comunicación.

2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en

interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e

interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e amosando interese por comprender e facerse

comprender.

3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de

texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os

textos.

4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.

5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses

co fin de obter informacións requiridas previamente.

6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a

aprendizaxe e mellora as producións propias.

7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos

proprios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura

galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución

de malentendidos interculturais.

8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a

comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á

aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

1º ESO

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN 1º E.S.O

1. Competencia en comunicación lingüística

Completar, enriquecer e encher de novos matices expresivos a capacidade comunicativa.

Desenvolver as habilidades de escoitar, falar e conversar.

Descubrir as posibilidades da lingua como instrumento para a expresión de sentimentos e ideas.

Identificar estruturas recorrentes que permiten a elaboración de mensaxes con sentido.

Desenvolver a habilidade para se expresar, oralmente e por escrito, utilizando a linguaxe apropiada a cada situación.

2. Competencia para aprender a aprender

Utilizar a linguaxe como instrumento para a interpretación e representación da realidade.

Utilizar a linguaxe como ferramenta de aprendizaxe por excelencia.

Interpretar e representar a realidade construíndo coñecementos e formulando hipóteses e opinións.

Expresar e analizar sentimentos e emocións.

Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe.

Adquirir os instrumentos para seguir a aprender a lingua estranxeira ó longo da vida.

Clasificar palabras en virtude de características morfolóxicas o semánticas comúns que presenten.

Descubrir os contextos en que se poden utilizar determinadas palabras e expresións.

3. Competencia social e cidadá

Identificar a lingua como parte da cultura común dunha comunidade.

Ver na lingua un vehículo de comunicación e transmisión cultural.

Desenvolver o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas.

Reforzar a identidade dos interlocutores por medio do intercambio de información persoal.

Expresar as ideas propias e escoitar as dos demais, aprendendo deles e con eles.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Acceder á información que se pode atopar nunha lingua distinta á nosa.

Completar fichas con información de distinto tipo que se nos presenta.

Desenvolver a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios de mozos e mozas doutros lugares.

Descubrir a importancia da orde na transmisión de calquera mensaxe con sentido.

Relacionar preguntas e respostas para obter mensaxes con sentido.

Ler un texto e detectar por distintos procedementos a información que nos transmite.

Desenvolver mecanismos de comprensión de textos de carácter oral.

5. Competencia artística e cultural

Aproximarse a obras ou autores que contribuíron á creación artística.

Facilitar a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas.

Realizar e representar simulacións e narracións.

Valorar nos debuxos os elementos de expresividade que conteñen.

Descubrir características da linguaxe literaria, diferenciándoa da habitual.

Coñecer festas e costumes de distintos países en que se fala francés.

6. Autonomía e iniciativa persoal

Traballar na aula de forma cooperativa.

Manexar recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación.

Desenvolver iniciativas e tomar decisións na planificación, organización e xestión do traballo.

Escribir narracións desenvolvendo a creatividade e a imaxinación.

Ter presentes actividades que podemos realizar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.
- B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.
- B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

Bloque 2. Producción de textos orais

- B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
- B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse

entender.

- B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios,

datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples

memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

- B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos,

posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos

coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que

coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non

coñecidas.

- B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e

traballadas previamente.

- B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados,

con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

- B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos,

billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.

Bloque 4. Producción de textos escritos

- B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do

escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados

e con axuda previa na aula.

- B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

- B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas

relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

- B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da

súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital,

amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

- B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o

seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias

veces para se facer entender.

- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente

para o seu nivel escolar.

- B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais

e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais,

respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das

experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

- B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os

expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un

repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase

previamente.

- B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e

películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente,

relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Bloque 1. Comprensión de textos orais						
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación	
		1º Tr	2º Tr	3º Tr	Procedementos	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. 	Comprende preguntas persoais traballadas na clase sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. 	Comprende expresións habituais traballadas na clase (saúdos, despedidas, horas, prezos, etc.) e Comprende as instrucións do profesor sempre que fale de xeito pausado, ben articulado e as repita se é necesario.	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas obxectivas de comprensión oral. Observación directa na aula 	<ul style="list-style-type: none"> Probas obxectivas de comprensión oral. Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. 	Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos breves e sinxelos relacionados cos temas traballados na clase, que escoita varias veces.	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas obxectivas de comprensión oral. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas obxectivas de comprensión oral.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	Nunha conversa sobre temas tratados na clase na que participa, comprende a información esencial que dan os seus interlocutores.	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Rúbrica

Bloque 2. Producción de textos orais

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación	
		1º Tr	2º Tr	3ºTr	Procedementos	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> Intenta utilizar o francés como lingua de comunicación na aula, aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Observación directa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre temas e situacións comunicativas traballadas na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) e a súa rúbrica de valoración.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> Pide e da información intelixiblemente en situacións comunicativas orais traballadas na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) e a súa rúbrica de valoración.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa de modo intelixible e coherente en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica e manifesta os seus gustos. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) e a súa rúbrica de valoración.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> En conversas sinxelase coa colaboración da persoa interlocutora, preséntase e dá e obtén información básica sobre si mesmo, sobre gustos e sobre temas cotiáns traballados na clase de modo intelixible e coherente.. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos (entrevistas, jeux de rôle) 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (entrevistas, jeux de rôle) e a súa rúbrica de valoración.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación	
		1º Tr	2º Tr	3º Tr	Procedementos	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende textos sinxelos sobre temas tratados na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende avisos, obrigas e prohibicións sinxelas: carteis en lugares públicos e normas da clase ou do colexio. 		X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve que trate sobre temas vistos na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita
<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende información esencial e localiza información específica en documentos informativos traballados na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de comprensión escrita

Bloque 4. Producción de textos escritos						
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación	
		1º Tr	2º Tr	3º Tr	Procedementos	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> Elabora textos sinxelos comprensibles e coherentes sobre temas vistos na clase, empregando léxico e estruturas traballadas na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de expresión escrita. Redaccións que se piden ó longo do curso e a súa rúbrica. Fichas de exercicios que se piden ó longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> Completa correctamente cuestionarios sinxelos con información persoal básica. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de expresión escrita. Redaccións que se piden ó longo do curso e a súa rúbrica. Fichas de exercicios que se piden ó longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe de modo comprensible e coherente notas, listaxes, postais, felicitacións e mensaxes sinxelas e breves sobre temas traballados na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de expresión escrita. Redaccións que se piden ó longo do curso e a súa rúbrica. Fichas de exercicios que se piden ó longo do curso.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe de modo comprensible e coherente correspondencia persoal breve e sinxela sobre temas traballados na clase. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de expresión escrita. Redaccións que se piden ó longo do curso e a súa rúbrica.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe						
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			Procedementos e criterios de avaliación	
		1º Tr	2º Tr	3º Tr	Procedementos	Instrumentos
<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> É capaz de ler en voz alta de modo intelixible un texto traballado previamente na clase. Nas probas orais a súa pronuncia é comprensible. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> Análise e valoración das producións dos alumnos (lectura expresiva en voz alta, entrevistas, jeux de rôle). 	<ul style="list-style-type: none"> Probas orais (lectura en voz alta, entrevistas, jeux de rôle) e a súa rúbrica de valoración.
2) Exercicios de repetición.

Despois da explicación do texto por parte da profesora procederase á realización de exercicios que axuden a fixar os elementos gramaticais, o vocabulario e a fonética vistos.

3) Exercicios de reforzo.

Servirán de complemento ós anteriores e terán os mesmos obxectivos facilitando a asimilación completa dos contidos ("páxinas de autopuntuación", exercicios estruturais...)

4) Fase de personalización.

Explotación dos elementos lingüísticos aparecidos no texto ou diálogo empregando todos os medios auxiliares que faciliten os exercicios de explotación: obxectos, imaxes fotográficas, debuxos, gravacións, cómics, "jeux de rôle", etc... Desenrolaranse mediante traballos en grupo, grupo-clase ou traballo individual.

5) Exercicios de expresión máis libre e creativa onde se dea unha maior práctica comunicativa da linguaxe así coma traballos de investigación (individual ou por grupos) sobre algún aspecto de civilización no que os alumnos recollan datos, elaboren material e fagan a súa presentación ante a clase.

6) Explotación de documentos audiovisuais curtos (extractos de telexornais, documentais, video-clips, publicidade...) e proxeccións de películas (dvd).

7) Uso das novas tecnoloxías (Internet, traballos con Power-point, proxector, cd de música...)

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Consideramos importante contar na aula cun libro de texto que marque unhas pautas pedagóxicas claras. Neste senso, parécenos fundamental poder contar cun método diferenciado para a primeira e para a

segunda lingua. Os libros recomendados, cos seus respectivos cadernos de exercicios (agás para Bacharelato) para este curso son:

Francés 2ª lingua: libro de texto e caderno de exercicios

- 1º E.S.O.: **Parachute 1**, Santillana
- 2º E.S.O.: **Parachute...2**, Santillana
- 3º E.S.O.: **Parachute...3**, Santillana
- 4º E.S.O.: **Parachute...4**, Santillana
- 1º BACH.: **Génération Lycée 1**, Santillana (soamente libro de texto)
- 2º BACH.: **Génération Lycée 2**, Santillana (soamente libro de texto)

Os métodos citados anteriormente serán utilizados nos correspondentes cursos pero queremos facer constar, dende o noso departamento, que cabe a posibilidade de atoparnos con alumnos bilingües que precisan unha atención individualizada, posto que o seu nivel é normalmente máis alto ao resto do alumnado, sobre todo nos grupos de 2ª lingua. Este alumnado realizará pois actividades diferentes ao resto da clase, adaptándoas ao seu nivel e as súas necesidades.(ver atención á diversidade)

A través destes métodos, do material complementario e das lecturas trátanse equitativamente as catro parcelas fundamentais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira:

- Comprensión oral
- Comprensión escrita
- Expresión oral
- Expresión escrita.

Estas serán presentadas ao alumno dun xeito gradual e integrado, como constituíntes dun todo e non como elementos illados. En todo caso, utilizaráanse para completar os obxectivos propostos outros libros de texto como apoio, fichas de gramática, ortografía, así como lecturas obrigatorias e outros documentos reais (**xornais, revistas, bandas debuxadas, actividades na Internet, aula virtual...**).

O curso pasado o noso departamento optou por empregar soamente o libro de texto en Bacharelato 2ª LE debido á redución de horas da nosa materia nesa etapa. O libro conta con actividades e exercicios que nos parecen suficientes e que se poden ampliar con material fotocopiado, actividades na internet...

AVALIACIÓN INICIAL:

A avaliación inicial permitiranos un diagnóstico previo da situación de partida en cada grupo, excepto en 1ºESO 2ª lingua posto que o alumnado é debutante. No resto dos niveis, poderase realizar unha avaliación inicial utilizando varios recursos tales como a observación do dominio da produción/compreensión oral coa elaboración duns diálogos por grupos, coas respostas a preguntas formuladas por un compañeiro ou polo profesor. No caso da produción/compreensión escritas, redactando algún texto breve ou realizando algún exercicio escrito sobre contidos do curso anterior. En todo caso, tal e como se mencionou nas concrecións metodolóxicas, a adaptación e a flexibilidade serán principios clave no proceso de aprendizaxe.

Ao longo do proceso de aprendizaxe debe contribuír a unha reflexión crítica que permita comprobar a viabilidade da programación e a súa posible reorientación. A avaliación inicial proporcionaranos información que permita a retroalimentación do proceso e a toma de decisións eficaces e aplicación das posibles medidas de atención á diversidade descritas a continuación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O departamento ten especial interese por atender e axeitar a aprendizaxe da lingua ás capacidades e ritmo do alumnado polo que, sempre que as condicións o permitan (número de alumnos axeitado por aula, coordinación cos membros do departamento de orientación...) traballaranse actividades específicas tanto para o alumnado que parte dun bo nivel de francés (emigrantes, fillos de emigrantes ou nados en países francófonos) como para aquel outro que denote especiais dificultades de aprendizaxe. Propoñeremos, polo tanto, actividades de motivación, diagnóstico, ampliación, recuperación e avaliación.

En cada método que empregaremos inclúense tamén un conxunto de actividades de reforzo e de ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo ofrecer, precisamente, os recursos básicos para que cada profesor/a poida desenvolver diferentes estratexias de ensinanza e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

Ao longo do curso, faranse **actividades de reforzo** para aquel alumnado que o necesite. Estas actividades serán totalmente individualizadas de tal xeito que só reforzarán aquilo que é necesario para conseguir os obxectivos do curso.

A elección dos métodos tendo en conta que segundo o nivel dos alumnos ó mellor haberá que modificar a secuenciación de contidos, tamén poden ser considerada como unha medida de atención á diversidade, posto que o noso departamento observou que nalgún curso, non era posible abordar na súa totalidade ditos métodos. O baixo número de horas semanais (2) en 1º, 2º e 3º de ESO e o ritmo de aprendizaxe do noso alumnado serán determinantes nesa decisión.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. A maneira en que se entenden todos eles queda reflectida nos obxectivos especificados a continuación.

Educación para a convivencia

Persigue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo a través de dúas direccións:

- O diálogo como forma de solucionar as diferenzas.
- O respecto á autonomía dos demais.

Educación para a saúde

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantea dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou curalas.
- Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, deportes, ocio, prevención de accidentes, relación non pavorosa co persoal sanitario, etc.

Educación para a paz

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persigue estes obxectivos prácticos:

- Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.
- Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar. Expresar e respectar opinións.
- Xerar na aula situacións comunicativas distendidas.

Educación do consumidor

Plantea, entre outros, estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación non sexista

A educación para a igualdade plantéase expresamente pola necesidade de crear desde a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

Educación ambiental

Entre os seus obxectivos atópanse os seguintes:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.
- Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ao seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación vial

Propón dos obxectivos fundamentais:

- Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

Educación para Europa

Os seus obxectivos principais son:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.
- Desenvolver a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigas.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural

A educación multicultural –ou intercultural– vén esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e a fan máis urxente os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nós de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Algúns dos seus obxectivos son os seguintes:

- Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Aínda que as características da materia **de Lingua Francesa** permiten facer presentes algúns temas transversais dunha maneira máis evidente, todos eles se van traballar na aula dunha ou outra forma.

TEMAS TRANSVERSAIS	TRATAMENTO NA AULA
Educación emocional	<ul style="list-style-type: none"> • Toma de conciencia das propias emocións (estados de ánimo ou sentimentos) e das alleas. • A través de diálogos fluidos, expresivos e receptivos, búsqueda da empatía cara os demais.
Educación para a convivencia	<ul style="list-style-type: none"> • A negociación na aula. • Expresión de opinións persoais. • Respeto polas opinións dous outros.
Educación para a saúde	<ul style="list-style-type: none"> • Vida sá: deportes e aficións, viaxes (formadores da personalidade).
Educación para a paz	<ul style="list-style-type: none"> • Búsqueda de información cara outro tipo de culturas e interese cara outras formas de vida. • Búsqueda de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que os rodea e proposta de posibles solucións.
Educación do consumidor	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.
Educación non sexista	<ul style="list-style-type: none"> • A través do achegamento ao mundo da lectura, cómics, cine e publicidade, analizar críticamente a realidade e corregir prexuizos sexistas.
Educación ambiental	<ul style="list-style-type: none"> • Debates sobre a protección do medio ambiente. • Búsqueda de solucións para conseguir un planeta máis “san”.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ademais dos criterios mencionados anteriormente en cada nivel, queremos destacar o seguinte:

- As cualificacións obteranse tras a realización das **probas** que avaliarán as 4 competencias ou bloques: comprensión e produción orais así como a comprensión e produción escritas, intentando darlle, sempre e cando sexa posible, os seguintes valores: **60% para a parte escrita** e o **20% para a parte oral**.

Polo tanto nas **distintas probas** o alumnado acadará un **80%** da nota (no caso de realizarse 2 ou máis probas de cada parte, farase a media).

- A este 80% obtido das probas sumaráselle o **20 %** que terá en conta a **actitude** e o **comportamento** da/o alumna/o en clase, o seu **traballo diario**, a **realización das tarefas** (deberes) e acudir a clase co **material**, **así como o seu nivel de participación** e o seu **esfuerzo por empregar o francés** nas súas intervencións. A observación por parte do profesorado será un instrumento esencial nesta última parte.

	PARTE ESCRITA	PARTE ORAL	TRABALLO E COMPORTAMENTO	PORCENTAXE
1ª - 2ª - 3ª AVALIACIÓN	60%	20%	20%	100%

- Basearémonos fundamentalmente nos exercicios realizados en clase para extraer os exercicios-tipo das distintas probas co fin de que resulten familiares ao alumnado.

- Só se repetirá o exame ao alumno que falte o día marcado previamente, se a ausencia é por motivos de saúde e vén apoiada por un xustificante médico.

- No caso de non realizar a tarefas que se lle encomendaron ou de esquecerse do material, o/a profesor/a tomará nota e á 3ª anotación enviará pola/o propia/o alumna/o unha notificación á familia para que sexa asinada.

- No caso de que o/a alumno/a non acade unha nota positiva nalgunha avaliación, este/a terá a posibilidade de recuperala aprobando a seguinte avaliación, xa que a avaliación é continua.

-Debido ao indicado no punto anterior, a nota final do terceiro trimestre será considerada como a nota final do curso.

- Para **aprobar** a nosa materia, o alumnado terá que acadar unha **nota final mínima de 5**.

- Ao alumnado que non acade un 5 e suspenda na convocatoria ordinaria de xuño a nosa materia, entregaráselle un guión cos contidos de todo o ano escolar, xa que terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño.

Exemplo de rúbrica, instrumento de avaliación que nos permite avaliar os estándares de aprendizaxe, mediante os indicadores de logro.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	cc	BLOQUE 1: Comprensión de textos orais			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
		1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CCL	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara co algunha dificultade e con necesidade de repeticións.
2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos).	CCL	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual sen necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sen necesidade de repetición.
3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.	CCL - CAA	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos.
4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CCL	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos.

<p>5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. ex. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>CAA</p>	<p>Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de, polo menos, un destes apoios: visual, xestos ou repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións.</p>
--	------------	--	--	---	---

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	BLOQUE 2: Producción de textos orais: expresión e interacción			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
		1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.	CCL	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.
2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	CCL - CSC	Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.
3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou	CCL	Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.	Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.	Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.	Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación.

instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.					
4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.	CLC - CSC	Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.	Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos).	CCL	Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe.	Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais.	Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais coa axuda da imaxe.	Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais.
2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.
3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán).	CCL	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.
4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións	CCL	Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca	Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca

e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.		identificar o sentido global e o tema.	contextual para identificar o sentido global e o tema.	axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.
5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CCL - CAA - CSC	Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	BLOQUE 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción
---------------------------	----	---

		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
		1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. ex. para asociarse a un club internacional de mozos).	CCL - CAA	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal.
2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta máis importantes.	CCL - CD	Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas.	Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas.	Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas.	Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas.
3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social (p. ex. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. ex. cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans).	CCL	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade.
4. Escribe correspondencia formal	CCL	Escribe a partir dun modelo	Escribe a partir dun	Escribe a partir dun modelo	Escribe a partir dun

<p>moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observa as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.</p>	<p>- CSC</p>	<p>correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade.</p>	<p>modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade.</p>	<p>correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado.</p>	<p>modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade.</p>
---	------------------	---	--	---	---

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Como este ano temos alumnos/as coa nosa materia pendente, e tendo en conta a posibilidade de que tamén se incorporen dende outros centros, expoñemos o seguinte:

1) Os contidos mínimos esixibles para cada nivel e curso son os que figuran nesta programación.

2) Entregaráselle ao alumnado actividades aprendizaxe cada mes que deberá realizar e entregar. Os exercicios terán como finalidade a preparación para as probas de recuperación, ás que o/ alumno/a deberá presentarse, aínda que o profesorado, se considera que o alumno está traballando adecuadamente nas tarefas propostas, pode decidir non realizar proba escrita. Se non entrega o traballo periódico proposto, o alumno poderá presentarse a unha única proba en maio (con todos os contidos) ou presentarse a 2 probas (febreiro e abril) cos contidos repartidos. Terá unha proba en maio se é necesario. Para aprobar o/a alumno/a terá que acadar unha nota de 5. Unha nota informativa será enviada aos pais para ser asinada.

3) Os/as alumnos/as serán atendidos nos recreos, coa a boa vontade e solidariedade do profesorado, xa que hora de atención a alumnos dos profesores foi eliminada do horario, para aclarar dúbidas e repasar contidos de cara á entrega das actividades e ós exames de recuperación. O/a profesor/a estará en contacto co profesorado titor, para que informe dese seguimento aos pais.

4) O alumnado pendente que supere a materia do curso inmediatamente posterior (as dúas primeiras avaliacións) e entregue os traballos requeridos, consideraráselle aprobada a materia pendente do curso anterior non sendo necesario que se presente ás probas antes citadas para aprobar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso 2021-2022, pretendemos, como ata o de agora, manter o máis alto posible o nivel de motivación do noso alumnado. Para iso, intentaremos manter as seguintes actividades :

- escoita de cancións francófonas con actividades,
- proxección de fragmentos de películas e de programas televisivos (vídeo-clips, anuncios publicitarios, programas educativos...),
- procura de información en Internet sobre temas relacionados coa francofonía, xogos e actividades propostas en páxinas web francesas,
- traballos con documentos auténticos variados (folletos e anuncios publicitarios...),
- gravacións nos dispositivos móbiles de exercicios orais para que o alumnado se escoite posteriormente e faga unha autoavaliación,
- conmemoración, se é posible, dalgún aniversario ou centenario ,
- concurso de postais no Nadal (1º E.S.O.),
- montaxe co power-point de cancións, poesías, textos...,
- elaboración de traballos de investigación (en libros, internet...) sobre temas de interese para os alumno/as,
- participación en concursos se se dera o caso,
- colaboración e participación nas actividades da Biblioteca (recitado de poemas en varios idiomas, celebracións...),
- asistencia a unha representación teatral en francés (se o prezo non é moi elevado),
- videoconferencia con alumnado do concello francés de Olonne-sur-Mer, co que o da Laracha está irmanado,
- solicitude de participación no DELF escolar, no caso de haber alumnado interesado.

Con respecto ás actividades que impliquen unha saída do centro (por exemplo o intercambio no marco do irmanamento do concello da Laracha co concello francés de Olonne-sur-Mer co noso alumnado de 3º da E.S.O. ou a asistencia ao festival da Francofonía en Vilanova de Arousa), supoñemos que non se poderán realizar debido á presente situación sanitaria e polo tanto as descartamos por agora.

PLANO DE FOMENTO DA LECTURA / PROXECTO LECTOR

O propio proceso de aprendizaxe da nosa materia baséase na lectura como un dos seus pilares fundamentais.

Os **obxectivos** que quere acadar o departamento de francés son:

1. Que o alumnado se familiarice coa lectura nunha lingua estranxeira, neste caso o francés.
2. Que a través desa lectura aprenda cada vez máis vocabulario, estruturas, cultura e civilización dos países francófonos primeiro, pero tamén do resto do mundo.
3. Que disfrute con esas lecturas para que sexa el mesmo o que as demande, sen necesidade de impoñelas.

Para iso propoñemos as seguintes **actividades**:

- En cada clase de francés, farase lectura en voz alta de tódolos textos que aparecen en cada tema e demais soportes (xornais, bandas deseñadas...) coa fin de que os alumnos empreguen a entoación correcta así como a pronuncia adecuada para que o texto teña un sentido. Cando se trate de fragmentos de teatro ou diálogos, estes serán representados polos alumnos na clase.
- Realizaranse actividades de animación escritura (blog, contos, poesía, traballos divulgativos...)
- Colaborarase coas actividades de animación lectura (Club de lectura, hora de ler ...)
- Proxeccións de películas en versión orixinal e realización posterior de fichas pedagóxicas, resumos ...
- Favorecer a Educación documental. Traballos de investigación. (Como investigamos, como presentamos a información ...)
- Formación de usuarios da biblioteca. Utilización da biblioteca como centro de recursos. Coñecer os fondos de nosa materia.
- Participación nun Club de lecturas actuais dirixido ao alumnado de 1º e 2º de ESO.

Actividade de formación de usuarios (1º ESO):

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS (*Le Petit Prince*)

Actividade de formación de usuarios da biblioteca (1 sesión):

- Na aula, o profesor, coa axuda do ordenador, fará unha pequena introdución sobre o autor da obra, Antoine de Saint-Exupéry, buscando imaxes da época. Falará da aviación postal, da Segunda Guerra Mundial,...
- Crearanse grupos de traballo de tres ou catro persoas.
- Nos ordenadores dos alumnos, buscarán imaxes da portada do libro para familiarizarse con ela.
- No enlace da web da biblioteca: [www.opacmeiga.rbgalicia.org] (no que hai que localizar o noso concello e a nosa biblioteca, ou ir directamente ao enlace [<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/BuscaAvanzada.aspx?CodigoBiblioteca=CED046>]) facer unha búsqueda por autor e por título. Un alumno do grupo atopará as sinaturas para poder localizalos na biblioteca. Hai que responder á pregunta: Cantos exemplares de *Le*

Petit Prince e en cantos idiomas hai na biblioteca?

-Xa na biblioteca, outro dos membros do grupo deberá localizar un exemplar, en calquera idioma e levalo a unha das mesas centrais.

-Cando teñan todos os exemplares sobre unha mesa, farase unha lectura continuada, en diferentes linguas, da primeira parte do libro.

-Outro dos membros do grupo buscará nos ordenadores da biblioteca outras versións non literarias (adaptacións escénicas, cinematográficas, musicais...) da obra.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.

O presente proxecto didáctico incorpora as TIC no seu desenvolvemento, como queda reflectido nas actividades programadas anteriormente.

Os métodos *Parachute* e *Génération Lycée* da editorial Santillana dispoñen dun CD interactivo que xunto coa pizarra dixital nos permiten unha mellor integración das TIC no proceso de aprendizaxe. Ademais ofrecen varias tarefas relacionadas con este tema: búsqueda de información concreta na internet, utilización dun blog, envíos de correos electrónicos...

Facilitaráselle tamén ao alumnado as direccións de páxinas web interesantes e traballarase en soporte informático. Ademais, utilizaranse as TIC para os diferentes traballos de investigación que levará a cabo o alumnado, permitíndonos así avaliar a súa competencia dixital.

Tendo en conta o precedente no curso pasado 2019-20, no que a pandemia do COVID-19 levou ao confinamento e no que as TIC resultaron fundamentais, consideramos que temos que integralas moito máis na nosa práctica docente xa dende o mesmo inicio do curso: por exemplo, pedíndolle aos alumnos e alumnas que nos proporcionen un enderezo útil de correo electrónico; así mesmo, darémolos de alta na aula virtual do noso centro posto que temos previsto empregala como ferramenta de traballo complementaria.

ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DA MATERIA (PARA 2º DO BACHARELATO)

No caso de querer cursar a nosa materia en 2º de bacharelato e non telo feito en 1, o noso departamento propón que o alumnado afectado realice e aprrobe o exame final ou de 3ª avaliación de 1º de bacharelato.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A valoración efectuarase a través de tres mecanismos:

- Mediante reunións periódicas do Dpto. indagarase acerca do grao de cumprimento da programación, posibles cambios que se produzan e as súas causas, as expectativas de cumprimento da programación hata o final do curso, etc. , de maneira que se poda axustar aos diferentes puntos dos que consta a programación respecto aos resultados observados nos alumnos.
- Ao traveso dos exercicios, exames, controis periódicos, caderno do alumno, e dos resultados de cada avaliación observarase en que medida estanse a cumprir os obxectivos propostos, e o resto dos puntos da programación.

- Por último, valorarase a programación ao confeccionar a memoria final do curso, onde poderase ver o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. Na memoria final determinaranse os aspectos que se consideran positivos e negativos, e polo tanto o que hai que modificar ou manter.
- No caso de buscar unha análise máis detallada propoñemos a seguinte tabla que podería servir neste proceso de avaliación:

AVALIACION DO PROCESO DE ENSINANZA

CURSO ACADÉMICO		CLASE
PROFESOR		
ÁREA		
DATOS ESTADÍSTICOS		
CUALIFICACIÓN	N.º DE ALUMNOS	NOTA MEDIA CLASE
INSUFICIENTE		
SUFICIENTE		
BEN		NOTA MEDIA NIVEL
NOTABLE		
SOBRESALIENTE		
OBSERVACIONES		
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN		
OBXECTIVOS		
Traballáronse todos os obxectivos?		
Afondouse nalgúns especialmente?		
Obxectivos non alcanzados polos alumnos:		
Cales:	Razóns:	
Grao de consecución de obxectivos:		
Propostas de mellora:		
CONTIDOS		
CONCEPTOS		
Traballáronse todos os conceptos?		

Desenvolvéronse especialmente os seguintes:	
Cales:	Razóns:
Grao de adquisición de conceptos:	
Propostas de mellora:	

ANEXO ENGADIDO POR MOTIVO DO COVID-19

Todo o anteriormente exposto nesta programación é o que pretendemos levar a cabo en tanto que se manteñan as condicións desta nova normalidade: nese caso as únicas modificacións que realizaríamos serían as esixidas ou ben polas circunstancias cambiantes que se lle presupoñen a un ano típico ou ben polas correccións que poidan ser esixidas pola Inspección a esta programación.

Con todo, como é moi posible que se produzan contaxios que impidan a escolarización convencional tanto de alumnos individuais como de grupos completos, por non falar de futuros confinamentos, teremos en conta esas eventualidades e nos prepararemos para afrontalas.

Consideramos que o uso tanto da aula virtual como do correo electrónico demostraron ser efectivos no curso anterior, así que manteremos a primeira operativa e recorreremos ao segundo cando sexa necesario,

tanto en caso de alumnos concretos confinados como en casos máis xerais: procederemos a subir novos contidos coa regularidade que a situación requira, evitando na medida do posible tanto a desatención como a saturación e buscando sempre o máximo beneficio educacional e anímico dos alumnos e das súas familias.

Tendo en conta que non todo o alumnado disfruta das mesmas facilidades para acceder a estes contidos, procuraremos informarnos de cada caso e, de ser necesario, o notificaremos a quen competa para que se lle proporcione material informático de préstamo ás familias que máis o necesiten. Tamén consideramos que, debido ás devanditas dificultades, só recurriremos ás videoconferencias como último recurso, xa que nesta zona o funcionamento de Internet aínda está lonxe de ser óptimo e os fallos son frecuentes.

No que respecta á avaliación, pretendemos ter en conta as notas e o traballo que se poidan ter avaliado previamente a esas circunstancias, como xa fixemos o ano pasado, así como realizar exames online sempre e cando se poida facer de maneira que o alumno sexa debidamente identificado.

Obviamente, acataremos as directrices superiores que poidan complementar, modificar ou mesmo anular algún dos puntos anteriores.

Asinan a presente programación o profesorado do Departamento de Francés durante o curso 2021-2022 no IES Agra de Leborís da Laracha.

Asdo: Ana María Rodríguez

Asdo: Fabián Otero Rabuñal (xefe de departamento)

Asdo: Daniel García Aguión

En A Laracha, a 20 de setembro de 2021